

# FORMULARIO DE SOLICITUDE DE TOMA DE IMAXES FOTOGRÁFICAS OU DE VÍDEO

Referencia Nº (a cubrir pola FCCG)

## DATOS DA/O SOLICITANTE

NIF/CIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social				
Rúa			Num.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Concello	Provincia		T. Empresa		Móbil
Correo electrónico						

## DATOS DA/O REPRESENTANTE

NIF/CIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social				
Rúa			Num.	Andar	Piso	Porta
CP	Concello	Provincia		Tel. Empresa		Móbil
Correo electrónico						

## DATOS DA SOLICITUDE

Motivos da solicitude, uso e finalidade da gravación		
Data solicitada ..... / ..... / 20 .....	Hora solicitada ..... : ..... horas	Duración prevista
Número total de persoas que intervirán		
Tipo (reportaxe, spot publicitario, documental, etc.):		
Descrición dos equipos técnicos a utilizar:		
Breve descrición do contido ou argumento:		
Nome/s das/os técnicas/os		

FONDOS, ESPAZOS OU ACTIVIDADES OBXECTO DA SOLICITUDE

Os datos persoais recolleitos serán incorporados e tratados nun ficheiro titularidade da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, cuxa finalidade é xestións derivadas dos procedementos e consultas que inicia a/o interesada/o con esta solicitude, e poderán ser cedidos de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O órgano responsable do ficheiro é a Xerencia da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, con domicilio en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceiro andar, Monte Gaiás,s/n, 15707 de Santiago de Compostela, ante o que a/o interesada/o poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo o cal se informa en cumprimento da Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

En ....., a ..... de ..... de 20 .....

A DIRECTORA XERENTE DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Sinatura e selo

# CONDICIÓN S XERAIS

Coa sinatura do presente formulario, a/o SOLICITANTE acepta expresamente as seguintes cláusulas;

A Fundación resérvase todos os dereitos que non estean expresamente cedidos no presente documento. A utilización das imaxes da Cidade da Cultura de Galicia está limitada exclusivamente para o uso consignado. Se a/o autorizada/o propuxese outra modalidade de utilización distinta á do obxecto desta solicitude, deberá obter previamente a aceptación por escrito da Fundación.

A solicitude e a documentación orixinal pode presentarse na sede da Fundación, por correo electrónico ou por fax (nestes dous últimos casos presentarse o orixinal o día da gravación), polo menos con sete días de antelación sobre a data prevista para a realización da actividade a autorizar. Só se autoriza a realización de fotografías cando o Departamento de Comunicación e Marketing non poida facilitar as reproducións do seu propio arquivo fotográfico.

En caso de danos ou de risco certo para as edificacións ou algún dos seus elementos integrantes suspenderase inmediatamente a sesión e darase por cancelado o permiso, reservándose a Fundación o dereito a esixir as oportunas responsabilidades e indemnizacións. Os espazos utilizados durante a actividade deberán quedar nas condicións de limpeza e conservación orixinais, quedando expresamente prohibido perforar paredes, teitos ou chans, así como ancorar ou apoiar elementos que poidan deixar marcas.

A/O solicitante comprométese a comunicar a utilización de focos nin ningunha outra clase de iluminación auxiliar que non sexa a que se

atopa instalada habitualmente na dependencia onde se ache o obxecto, con excepción dos espazos ao aire libre.

O permiso outorgarase en relación aos fondos, espazos e actividades que se citan na solicitude, non podéndose fotografar ou filmar outros distintos. En caso de necesaria modificación, esta deberá ser convida coa Fundación e expresamente autorizada.

A Fundación poderá esixir coa autorización, atendendo ás características do proxecto, unha póliza de seguro a todo risco en previsión de posibles danos que as persoas ou equipos técnicos puidesen producir sobre calquera das obras de arte ou edificacións, así como elementos integrantes, titularidade da Fundación.

Na difusión das imaxes captadas durante as sesións autorizadas deberase citar a súa procedencia, no lugar correspondente e da forma que segue: Gaiás Cidade da Cultura de Galicia e acompañarase coa identificación da instalación correspondente: Edificio \_\_\_\_\_ (Museo Centro Gaiás, Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia, Biblioteca e Arquivo de Galicia ou Centro de Emprendemento Creativo de Galicia)/ Praza Exterior/ Torres Hejduk/ Galería de Servizos/ Urbanización/ Bosque de Galicia.

A data e a hora da sesión ou sesións será convida coa Fundación, a cal se reserva o dereito de modificalas cando poidan interferir coa normal actividade do complexo do Gaiás. A persoa solicitante ou, no seu caso, a empresa á que represente, comprométese a entregar á Fundación unha copia das filmacións ou fotografías realizadas e, no caso de fins editoriais, a depositar dous exemplares da edición en que se recollen.

## ESPAZOS

	<7 HORAS	<14 HORAS	HORA ADICIONAL
<b>PREPARACIÓN E FILMACIÓN (SPOT, REPORTAXE, CURTAMETRAXE E PELÍCULAS)</b>			
Exterior	300,00 €	525,00 €	50,00 €
Interior edificios e instalacións	500,00 €	750,00 €	75,00 €
<b>PREPARACIÓN E ELABORACIÓN DE REPORTAXE FOTOGRÁFICA</b>			
Exterior	75,00 €	125,00 €	15,00 €
Interior edificios e instalacións	100,00 €	175,00 €	20,00 €

Tarifas exentas; coworkers e viveiro da CdC, patróns e patroas e colaboradoras/es e usos académicos (que deberán xustificarse). Para outros usos culturais (non comerciais) debidamente xustificadas, as tarifas serán obxecto dun desconto do 50%.

Excepcionalmente, as tarifas poderán experimentar un incremento de ata un 50% atendendo ao grado de difusión e repercusión en medios, previo informe motivado do departamento de Marketing y Comunicación.